



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E THE LONDON INSTITUTE S.L. PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EN OFICINAS DE TURISMO DEPENDENTES DE TURISMO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co THE LONDON INSTITUTE S.L. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata 4 anos despois.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e The London Institute S.L. para a realización de prácticas académicas en Oficinas de Turismo dependentes de Turismo de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo. Para lograr esta finalidade Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.





Segundo.- Que a The London Institute ten como finalidade a impartición das ensinanzas necesarias para a capacitación das persoas que van dedicarse profesionalmente ás actividades relacionadas co turismo e dentro dos cometidos de The London Institute está a de organizar prácticas en empresas e institución relacionadas co turismo, de xeito que exista una interacción entre a formación e o mercado laboral. The London Institute é o único centro homologado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria na comarca de Ferrol para a impartición das seguintes especialidades de formación profesional ocupacional:

HOTI0108 - Promoción Turística Local e Información ao Visitante.

HOTG0208 - Venda de Produtos e Servizos Turísticos.

HOTG0108 - Creación e Xestión de Viaxes Combinados e Eventos

Terceiro.- Que é vontade da Axencia Turismo de Galicia e The London Institute S.L. facilitar a integración laboral dos alumnos, e para iso conveñen, segundo as seguintes cláusulas, facilitar a realización de prácticas non laborais na devandita entidade, preferentemente nas Oficinas de Turismo de Ferrol, Coruña e Santiago.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

